

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TORDOIA

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora do prezo público dos servizos do punto de atención á infancia de Tordoia.

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación dos servizos do punto de atención á infancia de Tordoia.

ASUNTO: APROBACION DENIFITIVA DA MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DOS SERVIZOS DO PUNTO DE ATENCION A INFANCIA DE TORDOIA.

Publicado o anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos do punto de atención á infancia de Tordoia no BOP número 208/2020 do 4 de decembro de 2020 e transcorrido o prazo de presentación de alegacións sen presentarse ningunha, enténdese aprobada definitivamente e procedese á publicación do texto íntegro do mesmo, segundo dispón o artigo 49 da Lei 7/85:

“Artigo 4.- Prezos.

Os prezos son os que estipula o DECRETO 49/2012 do 19 de xaneiro, modificado pola Resolución do 10 de maio de 2017, polo que se actualizan os prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. O prezo pola atención educativa en xornada completa no PAI fíxase en 169,26€ mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao 50% do IPREM

Prezo da praza: 0,00€

b) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM

Prezo da praza: 34,91€

c) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM

Prezo da praza: 69,81€

d) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM

Prezo da praza: 112,13€

e) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM

Prezo da praza: 133,29€

f) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM

Prezo da praza: 147,05€

g) Rendas superiores ao 200% do IPREM

Prezo da praza: 169,26€

Descontos:

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte aplicar o disposto no punto anterior aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Bonificacións:

Aplicarase a gratuidade da atención educativa a partir da matriculación do segundo fillo ou filla da unidade familiar, e sucesivos/as da unidade familiar, é dicir, cando o neno ou a nena para o cal se solicita praza ocupa o segundo lugar, ou

sucesivo, no número de orde dos fillos/as que compoñen a unidade familiar, polo que lle será de aplicación a este respecto o disposto na disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Para a aplicación dos descontos terase en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza no PAI que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data do devengo da declaración do IRPF.

Tordoia, 29 de xaneiro de 2021

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2021/737